# MINISTERIO DO INTERIOR

**17008** *ORDE INT/2967/2006, do 25 de setembro, pola que se determinan os municipios a que son de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.* («BOE» 233, do 29-9-2006.)

O Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 1.2, que o Ministerio do Interior determinará os termos municipais e núcleos de poboación a que serán de aplicación as medidas establecidas no mencionado real decreto lei, destinadas ás persoas e bens afectados polos incendios acaecidos durante os días 4 a 14 do mes de agosto de 2006 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tras a avaliación do alcance dos incendios, e unha vez determinado polos servizos periféricos da Administración xeral do Estado o ámbito xeográfico concreto afectado, púidose establecer unha relación dos municipios damnificados que, xa que logo, poden ser beneficiarios do catálogo de actuacións de carácter extraordinario que prevé a citada norma legal.

Por iso, en virtude do disposto no citado artigo 1.2 do Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Ámbito de aplicación.*

As medidas urxentes aprobadas polo Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, serán de aplicación aos termos municipais e núcleos de poboación recollidos no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 25 de setembro de 2006.–O ministro do Interior, Alfredo Pérez Rubalcaba.

**ANEXO**

*Provincia da Coruña*

Abegondo; Ames; Aranga; Ares; Arteixo; Arzúa; Baña (A); Bergondo; Betanzos; Boimorto; Boiro; Boqueixón; Brión; Camariñas; Cambre; Carballo; Carnota; Carral; Cedeira; Cee; Cerceda; Cerdido; Cesuras; Coristanco; Coruña (A); Culleredo; Curtis; Dodro; Dumbría; Ferrol; Fisterra; Frades; Laracha (A); Lousame; Malpica de Bergantiños; Mazaricos; Melide; Mesía; Moeche; Monfero; Muros; Muxía; Narón; Negreira; Noia; Oleiros; Ordes; Oroso; Ortigueira; Outes; Oza dos Ríos; Paderne; Padrón; Pino (O); Pobra do Caramiñal (A); Ponteceso; Pontes de García Rodríguez (As); Porto do Son; Rianxo; Ribeira; Rois; San Sadurniño; Santa Comba; Santiago de Compostela; Santiso; Sobrado; Teo; Toques; Tordoia; Touro; Trazo; Val do Dubra; Valdoviño; Vedra; Vilasantar; Vimianzo; Zas.

*Provincia de Ourense*

Allariz; Amoeiro; Arnoia (A); Avión; Baltar; Bande; Baños de Molgas; Barbadás; Barco de Valdeorras (O); Beariz; Blancos (Os); Boborás; Bola (A); Bolo (O); Carballeda de Avia; Carballeda de Valdeorras; Carballiño (O); Cartelle; Castrelo do Val; Castro Caldelas; Celanova; Cenlle; Chandrexa de Queixa; Coles; Cortegada; Cualedro; Esgos; Gomesende; Gudiña (A); Irixo (O); Laza; Leiro; Lobeira; Lobios; Maceda; Manzaneda; Maside; Melón; Merca (A); Mezquita (A); Monterrei; Muíños; Nogueira de Ramuín; Oímbra; Ourense; Paderne de Allariz; Pereiro de Aguiar (O); Peroxa (A); Piñor; Pobra de Trives (A); Porqueira; Punxín; Rairiz de Veiga; Ramirás; Riós; Rúa (A); Rubiá; San Amaro; San Cibrao das Viñas; San Cristovo de Cea; San Xoán de Río; Sandiás; Sarreaus; Taboadela; Teixeira (A); Toén; Trasmiras; Veiga (A); Verín; Viana do Bolo; Vilamarín; Vilar de Barrio; Vilariño de Conso; Xinzo de Limia; Xunqueira de Ambía; Xunqueira de Espadanedo.

*Provincia de Pontevedra*

Agolada; Arbo; Baiona; Barro; Caldas de Reis; Cambados; Campo Lameiro; Cangas; Cañiza (A); Catoira; Cerdedo; Cotobade; Covelo; Crecente; Cuntis; Dozón; Estrada (A); Forcarei; Fornelos de Montes; Gondomar; Nigrán; Grove (O); Illa de Arousa (A); Lalín; Lama (A); Marín; Meaño; Meis; Moaña; Mondariz; Moraña; Mos; Neves (As); Oia; Pazos de Borbén; Poio; Ponteareas; Ponte Caldelas; Pontecesures; Pontevedra; Porriño (O); Portas; Redondela; Rodeiro; Rosal (O); Salceda de Caselas; Salvaterra de Miño; Sanxenxo; Silleda; Soutomaior; Tomiño; Tui; Valga; Vigo; Vila de Cruces; Vilaboa; Vilagarcía de Arousa; Vilanova de Arousa.

*Provincia de Lugo*

Abadín; Antas de Ulla; Baleira; Baralla; Barreiros; Becerreá; Begonte; Bóveda; Carballedo; Castro de Rei; Castroverde; Cervantes; Cervo; Chantada; Corgo (O); Cospeito; Fonsagrada (A); Friol; Guitiriz; Guntín; Incio (O); Láncara; Lugo; Meira; Monforte de Lemos; Monterroso; Navia de Suarna; Outeiro de Rei; Palas de Rei; Páramo (O); Pobra do Brollón (A); Pol; Pontenova (A); Quiroga; Rábade; Ribas de Sil; Sarria; Saviñao (O); Sober; Taboada; Vilalba; Xermade.

# MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**17009** *RESOLUCIÓN do 6 de setembro de 2006, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se modifican os anexos da Orde ITC/1201/2006, do 19 de abril.* («BOE» 233, do 29-9-2006.)

A Orde ITC/1201/2006 do 19 de abril pola que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sobre as actividades de fornecemento de produtos petrolíferos, establece na súa disposición derradeira primeira a autorización á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para modificar, mediante resolución, os anexos desa orde.

A necesidade da publicación do anexo vén indicada:

a) Pola detección de erros nos anexos publicados coa Orde ITC/1201/2006, como por exemplo a táboa 14 que, estando dentro dunha epígrafe de envío de información de cantidades, contiña campos de prezos.

b) Pola adaptación á última normativa legal aplicable, tales como: o Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasó-

leos, fueis e gases licuados do petróleo e se regula o uso de determinados biocarburantes; a Lei 22/2005, do 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias en materia de fiscalidade de produtos enerxéticos e electricidade e do réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e se regula o réxime fiscal das achegas transfronteirizas a fondos de pensións no ámbito da Unión Europea, que no seu artigo segundo modifica a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais; e Real decreto 774/2006, do 23 de xuño, polo que se modifica o Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

c) Reunións e consultas con entidades afectadas pola orde, que propuxeron, así mesmo, cambios no contido dos anexos.

d) A conveniencia de engadir o anexo IV, que aclara as situacións do envío de información por peches temporais ou definitivos das instalacións, así como de modificacións nestas para os efectos de cambios nos datos censuais.

En cumprimento do indicado na disposición derradeira primeira da orde, e tendo en conta a necesidade e conveniencia das modificacións aos anexos, publícanse os anexos á Orde ITC/1201/2006, que substituirán os publicados na devandita orde.

Madrid, 6 de setembro de 2006. O director xeral de Política Enerxética e Minas. Jorge Sanz Oliva.

## ANEXO DA ORDE ITC/1201/2006, DO 19 DE ABRIL, POLA QUE SE DETERMINA A FORMA DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO, SOBRE AS ACTIVIDADES DE FORNECEMENTO DE PRODUTOS PETROLÍFEROS

## ANEXO I

### Información relativa a fornecementos a vehículos e instalacións terrestres

#### I.1 FORNECEMENTO A TRAVÉS DE INSTALACIÓNS HABILITADAS PARA O EFECTO

#### I.1.1 *Prezos e outras informacións con periodicidade semanal mínima*

A. Remisión de instalacións individuais

1. Identificación de usuario e contrasinal. Os titulares das instalacións de fornecemento a vehículos e instalacións terrestres deberán dispor dunha identificación de usuario e un contrasinal:

1. As instalacións de distribución que até a data xa estaban a utilizar identificación de usuario (número de rexistro da instalación) e contrasinal no sistema telemático de envío de prezos, seguirán utilizando o contrasinal que tivesen asignado e non necesitarán solicitar outro novo. O novo número de rexistro da instalación, que utilizarán como identificación de usuario, seralles proporcionado automaticamente.

2. As instalacións que até a data non estaban a utilizar o sistema telemático de envío de prezos recibirán, no prazo dun mes desde a publicación desta orde, unha comunicación da Subdirección Xeral de Hidrocarburos coa identificación de usuario e o contrasinal.

3. Se no prazo dun mes desde a publicación desta orde algunha das instalacións carece de identificación de usuario e contrasinal, deberá solicitalos mediante a aplicación de remisión de información dispoñible no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp

Para que sexa posible proporcionar a identificación de usuario e o contrasinal, o titular da instalación de distribución ou o seu representante deberá ter comunicado á Subdirección Xeral de Hidrocarburos os datos a que se refire o artigo 4.dous do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño. Esta comunicación deberase ter feito mediante o anexo I B) da Resolución do 17 de xullo de 2000 (publicada no BOE do 21 de xullo de 2000), da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pero substituíndo a localización dos formularios na letra A) do anexo http://www.meh.es/censoEESS.htm por http://www.mityc.es/risp; o envío de datos indicado na letra C) do anexo a censoEESS@meh.es por censoeess@mityc.es; e o Ministerio de Economía por Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. Remisión de prezos. A información sobre o prezo dos carburantes e combustibles deberase enviar por algún dos seguintes procedementos:

Opción 1: cubrindo os formularios establecidos na aplicación de remisión de prezos no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp

O usuario deberase identificar co usuario e co contrasinal previamente facilitados e a seguir deberá cubrir o formulario que se lle facilite. Unha vez cuberto e validado, mostraráselle ao usuario unha pantalla co número de entrada asignado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a data e a hora de presentación. Esta pantalla poderase imprimir e servir como comprobante da presentación telemática.

O formulario terá o seguinte formato:

Táboa 1

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (1) |
| MARGEN | Texto | D, E ou N (dereita, esquerda, non aplicable) (2) |
| FECHAIPER | Data | Data do período de vixencia dos prezos: DD/MM/AAAA (3) |
| HORAIPER | Texto | Hora de inicio do período de vixencia dos prezos: hh:mm |
| COPOSTAL | Texto | Código postal da instalación: XXXXX (5 caracteres numéricos con formato texto) |
| PVPG95SPB | Número | Prezo de venda ao público do produto gasolina 95: 0,999 |
| PVPG97CPB | Número | Prezo de venda ao público do produto gasolina 97: 0,999 |
| PVPG98SPB | Número | Prezo de venda ao público do produto gasolina 98: 0,999 |
| PVPGOA | Número | Prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción habitual: 0,999 |
| PVPNGO | Número | Prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción de características melloradas: 0,999 |
| PVPGOB | Número | Prezo de venda ao público do produto gasóleo B: 0,999 |
| PVPGOC | Número | Prezo de venda ao público do produto gasóleo calefacción: 0,999 |
| PVPBIOD | Número | Prezo de venda ao público do produto biodiésel: 0,999 |
| PORC_EST_MET_BIOD | Número | Porcentaxe de éster metílico no produto biodiésel: 999,9. Exemplos: 100; 5; 12,5. Campo obrigatorio se se vende biodiésel |

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| GESTION | Texto | Réxime de xestión da instalación: X (4) |
| ROTULO | Texto | Rótulo comercial da instalación: X.X (máx. 50 caracteres) (5) |
| TVENTA_COOP | Texto | Tipo de venda do titular da instalación ao consumidor final: X (6) |
| XTOS_VTA_RGDA_COOP | Texto | Produtos que só se venden a asociados ou cooperativistas: X.X (máx. 20 caracteres, co formato indicado) (7) |
| COORDX | Texto | Coordenada xeográfica de lonxitude da instalación en graos, minutos e segundos no sistema de referencia ED-50. (8) |
| COORDY | Texto | Coordenada xeográfica de latitude da instalación en graos, minutos e segundos no sistema de referencia ED-50. (8) |
| PPM_PVPNGO | Texto | Partes por millón de xofre do produto gasóleo automoción de características melloradas. O seu valor será «10» ou «50». |

(1) Número de rexistro da instalación: o número de rexistro da instalación será un código alfanumérico composto por tres letras identificativas da comunidade autónoma e o número de rexistro autonómico, sen ningún espazo entre eles. Pode ter máis ou menos dos caracteres representados. En todo caso deberase escribir completo.

1. As letras correspondentes a cada comunidade autónoma serán as seguintes: AND = Andalucía, ARA = Aragón, AST = Asturias, IBA = Illes Balears, CNT = Cantabria, CAT = Cataluña, CEU = Ceuta, CLM = Castilla-La Mancha, CVA = Comunitat Valenciana, CYL = Castilla y León, EXT = Extremadura, GAL = Galicia, CNA = Islas Canarias, MAD = Madrid, MEL = Melilla, MUR = Murcia, LRI = La Rioja, NAV = Navarra, PVA = País Vasco.

2. As instalacións de fornecemento cuxo número de rexistro autonómico non conste, pero si un número de rexistro nacional, consignarán neste espazo o seu número de rexistro nacional despois das tres letras citadas.

(2) Marxe: a marxe D definirase en sentido crecente da quilometraxe da estrada, sendo E o oposto e N cando non sexa aplicable. As instalacións co mesmo número de rexistro e situadas a ambos os lados dunha mesma estrada, autovía ou autoestrada considéranse como dúas estacións diferentes, e enviarán dous ficheiros identificados respectivamente coas letras D e E.

(3) Data do período de vixencia dos prezos: será a data en que houbese cambio de prezos naquelas instalacións en que se produza o devandito cambio, ou a de todos os luns no envío obrigatorio de todos os prezos da rede.

(4) Código correspondente ao réxime de xestión da instalación: P: xestión polo operador por xunto: Instalacións xestionadas polo operador ou por unha das súas sociedades filiais, nas cales o prezo final de venda ao público o fixa o operador.

F: instalacións sobre as cales o operador ten a propiedade (ou dereito real ou título análogo) cuxa xestión se cedeu a un terceiro en réxime de venda en firme con contrato en exclusividade.

G: instalacións sobre as cales o operador ten o título de propiedade (ou dereito real ou título análogo) cuxa xestión se cedeu a un terceiro en réxime de comisión ou axencia.

C: instalacións nas cales a titularidade e a xestión son dun particular que ten subscrito un contrato de fornecemento en exclusiva cun operador por xunto en réxime de comisión; o prezo final fíxao o titular da instalación aínda que o operador establece as comisións máximas.

V: instalacións nas cales a titularidade e a xestión son dun particular que ten subscrito un contrato de fornecemento en exclusiva cun operador por xunto en réxime de venda en firme: o prezo final fíxao o titular da instalación, aínda que o operador pode comunicar prezos máximos ou recomendados.

T: xestión independente. Instalacións xestionadas por un terceiro, o prezo final fíxao a propia instalación. Sen contrato de exclusividade.

D: outros réximes non recollidos nos anteriores.

(5) Exemplos: Meroil, Galp, Energiberia, Gasolinera Urbaneja.

(6) Tipo de venda do titular da instalación cooperativa ou asociación ao consumidor final:

–P: venda ao público en xeral.

–R: venda restrinxida aos asociados ou cooperativistas.

Se unha instalación fornece aos seus asociados ou cooperativistas un produto a un prezo diferente do de venda ao público en xeral, deberá remitir dous rexistros, un co código P (venda ao público en xeral) e outro con R (venda restrinxida a asociados ou cooperativistas). Se só vende aos seus asociados ou cooperativistas, porá os prezos de venda a estes asociados e fará constar neste campo a letra R. O código A porase no caso onde venda produtos diferentes ao público en xeral e aos seus asociados ou cooperativistas; neste caso débese cubrir o campo XTOS_VTA_RGDA_COOP que se describe no seguinte parágrafo.

(7) Produtos que só se venden a asociados ou cooperativistas: débense escribir os códigos dos produtos que só se venden aos asociados ou cooperativistas separados por «/». Exemplo: GOA/GOB.

(8) Situación xeográfica: as coordenadas de latitude e lonxitude remitiranse no formato GGLMMSS,S e no sistema de referencia ED-50. Sendo:

GG: os graos, de 00 a 89. Sempre 2 cifras aínda que a primeira sexa un 0.

L: unha letra para indicar se a latitude é norte (N) ou sur (S), ou ben se a lonxitude é oeste (W) ou leste (E).

MM: os minutos, de 00 a 59. Sempre 2 cifras aínda que a primeira sexa un 0.

SS,S: os segundos, cun decimal. De 00,0 a 59,9. Sempre 2 cifras enteiras aínda que a primeira sexa un 0.

De se capturaren as coordenadas xeográficas nun sistema de referencia diferente ao ED-50, por exemplo mediante observación directa GPS en sistema de referencia WGS84, cumpriría realizar unha transformación das coordenadas a este sistema de referencia. Como posible ferramenta a utilizar para realizar a transformación está dispoñible a calculadora xeodésica do Centro Nacional de Información Xeográfica do Ministerio de Fomento (http://www.cnig.es).

As coordenadas xeográficas en ED-50 pódense obter a partir do visualizador de mapas da Infraestrutura de Datos Espaciais de España (http://www.idee.es/clientesIGN/wmsGenericClient/index.jsp) ou ben a partir do Sistema de Identificación de Parcelas Agrícolas (http://sigpac.mapa.es/fega/visor). Para instrucións máis detalladas débense consultar as preguntas frecuentes en http://www.mityc.es/RISP/RISP/faq/.

Entenderase por prezo de venda ao público o prezo aplicado ao pé da bomba sen descontos.

Entenderase por biodiésel o establecido no Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, e se regula o uso de determinados biocarburantes, ou a normativa equivalente que estivese en vigor nese momento.

Unha vez cubertas polo remitente a primeira vez, as coordenadas de latitude e lonxitude aparecerán automaticamente as veces seguintes.

No caso de que non se venda algún dos produtos, deixarase en branco a cela correspondente.

Opción 2: remitindo a información por medio de mensaxes curtas SMS ao teléfono 606 369 907.

O formato desta mensaxe, que non deberá conter ningún espazo en branco, será o seguinte:

*N#CLV:99999999;NRA:XXXXXXXX;CINS:X;DATA:DD-MM-AA;HORA:HH:MM;G95:0,999;G97:0,999;G98:0,999;GOA:0,999;NGO:0,999;GOB:0,999;GOC:0,999;BIO:0,999; POB:999,9

O significado dos campos contidos na mensaxe que hai que transmitir é o seguinte:

CLV: contrasinal asignado pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos.

NRA: número de rexistro da instalación.

CINS: marxe da estrada en que se atope a instalación (E, D ou N).

DATA: data de inicio do período de vixencia dos prezos.

HORA: hora de inicio de período de vixencia.

G95: prezo de venda ao público do produto gasolina 95.

G97: prezo de venda ao público do produto gasolina 97.

G98: prezo de venda ao público do produto gasolina 98.

GOA: prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción habitual.

NGO: prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción de características melloradas.

GOB: prezo de venda ao público do produto gasóleo B.

GOC: prezo de venda ao público do produto gasóleo calefacción.

BIO: prezo de venda ao público do produto biodiésel.

POB: porcentaxe de éster metílico no produto biodiésel. As porcentaxes menores que 100 consignaranse con tres cifras enteiras (exemplo: 012,2 equivale ao 12,2%). Este campo é obrigatorio se se vende biodiésel.

Entenderase por prezo de venda ao público o prezo aplicado ao pé da bomba sen descontos.

Entenderase por biodiésel o establecido no Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, e se regula o uso de determinados biocarburantes, ou a normativa equivalente que estivese en vigor nese momento.

Se a instalación non fornecer algún dos produtos, non incluirá na súa mensaxe nin o prezo nin os tres caracteres do campo do produto.

No caso de que a lonxitude da mensaxe co formato que se indica exceda a máxima fixada polo operador de telefonía para o envío dunha mensaxe individual, enviarase unha primeira mensaxe cos campos e prezos dos produtos que non excedan esta lonxitude e unha segunda mensaxe cos campos e prezos de produtos que non couberon na primeira, mais precedida de todos os encabezamentos incluídos na primeira mensaxe até o primeiro produto consignado seguido dos produtos que faltaban.

A mensaxe poderase remitir tanto desde un teléfono móbil coma desde un fixo que permita enviar e recibir este tipo de mensaxes.

Non se admitirán mensaxes cuxa data de inicio do período de vixencia dos prezos sexa anterior en máis de tres días ou posterior á data do día en que se envíen.

Unha vez remitida a mensaxe curta SMS, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio contestará ao mesmo teléfono desde o cal se realizou o envío.

Se a mensaxe se procesar correctamente, recibirase unha mensaxe curta co seguinte formato:

*A súa mensaxe foi procesada e rexistrouse no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio co nº de rexistro de entrada 999999999 e con data e hora dd/mm/aaaa hh:mm

Se a mensaxe non se procesar correctamente, recibiranse dúas mensaxes curtas co seguinte formato:

Primeira mensaxe: *A súa mensaxe ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio non se procesou correctamente. Por favor, cubra a mensaxe que lle chegará a continuación. Incidencias no 91-349-40-05.

Segunda mensaxe: cubra esta e reenvíea: *N#CLV: ;NRA:;CINS:;DATA:;HORA:;G95:;G97:;G98:;GOA:;NGO: ;GOB:; GOC:;BIO:;POB:

As instrucións complementarias de remisión de prezos e acceso dos usuarios a través da internet publicaranse e manteranse permanentemente actualizadas no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp

B. *Remisión agrupada*

I. Información que deberá ser remitida:

a) Polos operadores por xunto de produtos petrolíferos de todas as instalacións da súa rede de distribución.

b) Polos titulares de instalacións de fornecemento a vehículos e instalacións terrestres, ou os seus representantes, que envíen conxuntamente datos de, polo menos, cinco instalacións.

Remisión de información: a información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp

No caso de que actúe un representante, a responsabilidade de que os prezos enviados sexan correctos será do distribuidor a retallo. O operador por xunto poderá actuar como representante dos seus abandeirados, se ambos os dous así o acordan e só no caso de que, por contrato, o operador por xunto estableza estritamente os prezos do distribuidor a retallo. O operador por xunto facilitará a obriga do cumprimento do envío de prezos por parte do distribuidor a retallo facilitando a devandita posibilidade nos medios informáticos postos á disposición do distribuidor a retallo como consecuencia da relación entre ambos. Tanto o operador por xunto coma os representantes terán á súa disposición na páxina http://www.mityc.es/risp da web as instrucións para a transmisión da relación dos seus distribuidores a retallo co seu NÚM_REG, MARGEN, e algún dato identificativo máis para o cal deben entrar co seu código de usuario e contrasinal, todo iso para que utilicen os datos dos censos todos os axentes implicados. Se o operador por xunto ou representante detectase a falta dalgún distribuidor a retallo, na relación anterior posta á súa disposición na web, farao saber mediante correo electrónico ao enderezo censoeess@mityc.es para a súa emenda.

1. Acceso á aplicación:

Opción 1. Usando sinatura electrónica avanzada.

A sinatura electrónica estará baseada nun certificado que cumpra coas recomendacións UIT X.509.V3 ou superiores (ISO/IEC 9594-8 de 1997) e que ademais cumpra cos requisitos técnicos aprobados e publicados na oficina virtual do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, especialmente o DNI electrónico.

(http://www.mityc.es/risp)

Estes certificados poderanse obter de calquera autoridade de certificación que forneza certificados recoñecidos axustados a estes requisitos técnicos. Unha vez obtido o certificado electrónico de usuario, os operadores por xunto, os titulares de instalacións de distribución a retallo, as cooperativas ou os seus representantes deberán remitir ao enderezo de correo electrónico censoeess@mityc.es o nome, apelidos e NIF da persoa ou persoas que, estando en posesión deste certificado, estean autorizadas para a remisión dos prezos dos produtos petrolíferos usando a sinatura electrónica avanzada.

Opción 2. Usando identificación de usuario e contrasinal.

A Subdirección Xeral de Hidrocarburos remitiralles, no prazo dun mes desde a publicación desta orde, aos operadores por xunto e titulares que envíen conxuntamente datos de, polo menos, cinco instalacións, a identificación de usuario e contrasinal.

Os suxeitos incluídos neste punto que non reciban a devandita identificación no prazo establecido, deberán solicitala mediante a aplicación de remisión de prezos no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp.

2. Xuntar o ficheiro cos prezos.

Premendo o botón Xuntar aparecerá unha pantalla para seleccionar o ficheiro de prezos que se desexa enviar.

Os ficheiros que hai que enviar deberán ser de tipo Excel versión 97 ou superior. Un modelo baleiro do devandito ficheiro poderase descargar na páxina web.

O nome do ficheiro codificarase como ITGFSZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

As tres primeiras letras identifican que se trata de instalacións terrestres xerais (ITG).

As dúas seguintes letras fan referencia ao carácter de frecuencia semanal (FS) mínima.

Os caracteres ZZZ: código alfabético do operador (véxase táboa 2), ou código alfanumérico asignado ao remitente de datos de polo menos 5 EE.SS (este código terá sido comunicado pola S.X. de Hidrocarburos xunto coa identificación de usuario e o contrasinal).

Os oito restantes díxitos serán a data do envío con formato aaaammdd.

A extensión XXX despois do punto será xls para «Excel».

Ao transmitir o ficheiro, o operador por xunto deberá indicar, marcando un recadro da páxina da internet onde efectúa a transmisión, se actúa como operador por xunto ou como representante para o envío de prezos das instalacións nas cales, por contrato, estableza estritamente os prezos, tal como se indica no punto anterior de remisión de prezos.

Táboa 2

| Código | Operador ou remitente de datos |
|---|---|
| AGI | AGIP ESPAÑA S.A. |
| BAL | BIOCARBURANTES ALMADEN, S.L. |
| BCC | BIOCOMBUSTIBLES DE CUENCA, S.A. |
| BCA | BIODIESEL CAPARROSO, S.L. |
| BCL | BIOCARBURANTES CASTILLA Y LEÓN, S.A. |
| BCM | BIODIESEL CASTILLA LA MANCHA, S.L. |
| BEC | BECCO FUELS, S.L. |
| BEU | BIONET EUROPA, S.L. |
| BPO | BP OIL ESPAÑA S.A. |
| BTR | BIONOR TRANSFORMACIÓN, S.A. |
| CAT | SOCIETAT –CATALANA DE PÉTROLIS, S.A., PETROCAT |
| CEP | Empresas do grupo CEPSA |
| DID | DISTRIBUCIÓN INDUSTRIAL DERIVADOS DEL GASÓLEO, S.L. |
| DIS | Empresas do grupo DISA |
| DPB | DISTRIBUCIONES PETROLÍFERAS BERASATEGUI MURUZÁBAL HERMANOS, S.L |
| DUC | PETROLÍFERA DUCAR, S.A. |
| DYN | DYNEFF ESPAÑA S.L. |
| ECE | ECOCARBURANTES ESPAÑOLES, S.A. |
| EPE | EMPRESARIOS PETROLÍFEROS Y ENERGÉTICOS, A.I.E. (EPENERGY) |
| ENT | ENTABÁN BIOCOMBUSTIBLES DEL PIRINEO, S.A. |
| ERG | ERG PETRÓLEOS. S.A. |
| ESE | ESERGUI. S.A. |
| ESO | ESSO ESPAÑOLA, S.A |
| EUR | EUROCUBA 2000, S.L. |
| FMM | FUEL AND MARINE MARKETING DE ESPAÑA, S.R.L. |
| FOA | FORESTAL DEL ATLÁNTICO, S A |
| GAL | GALP ENERGÍA ESPAÑA S.A. |
| GEN | GRUPO ECOLÓGICO NATURAL, S.L. (GEN) |
| GLM | GESTIÓN LOGÍSTICA DE HIDROCARBUROS LA MANCHA, S.L. |
| IDA | INSTITUTO PARA LA DIVERSIFICACIÓN Y AHORRO DE LA ENERGÍA (IDAE) |
| IST | ISTAMELSA, S.L. |
| KUW | KUWAYT PETROLEUM ESPAÑA S. A. |
| MER | MEROIL, S.A |
| OCL | OPERADORES DE CASTILLA Y LEÓN, A.I.E. |
| OIN | OIL INVEST ESPAÑA. S.A. |
| PCA | PETROLÍFERA CANARIA, S.A. |
| PCD | PETRÓLEOS COSTA DORADA, S.L. |
| PEA | PETROAZUL, S.L. |
| PMI | PETROMIRALLES 3, A.I.E. |
| PMN | PETROLÍFERA MARE NOSTRUM, A.I.E. (PETROMAR) |
| PNO | PETRO-NOVA OIL, S.A. |
| PTA | PETROLIERS ASSOCIATS, A.I.E. |
| REC | RECUPERALIA NUEVAS ENERGÍAS, S.L. |
| REP | Empresas do grupo REPSOL |
| SAR | SARAS ENERGÍA S.A |
| SHE | SHELL ESPAÑA, S.A. |
| SIC | SIERRA CAMEROS, S.A. |
| SOK | SOKET, S.L. |
| STP | STAR PETROLEUM, S.L. |
| STV | STOCKS DEL VALLÉS, S.A. |
| TEX | TEXACO PETROLÍFERA S.A. |
| TFL | TINERFEÑA DE LUBRICANTES, S.L. |
| TOT | TOTAL ESPAÑA, S.A. |
| TRA | TRANSPORTES Y SERVICIOS DE MINERA S.A. (TRASEMISA) |
| VOP | VÍA OPERADOR PETROLÍFERO, S.A. |

As instalacións de distribución a retallo situadas en grandes establecementos comerciais porán no código «firma» o texto HIP, seguido (sen espazo) das tres primeiras letras do nome comercial do grande establecemento, seguido (sen espazo) se for o caso, do código do operador nos casos permitidos polo RDL 6/2000 (todo en maiúsculas).

No caso das asociacións, cooperativas e titulares de instalacións de distribución a retallo que agrupen polo menos cinco instalacións, ou os seus representantes, e sempre cumprindo con esta normativa, seguirán sendo válidos os códigos actuais existentes.

Os novos operadores por xunto, titulares ou os seus representantes de polo menos cinco instalacións, disporán no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp das instrucións para se inscribiren e obteren o código da identificación de usuario e contrasinal.

3. Envío do ficheiro: unha vez achegado o ficheiro e se se estiver de acordo cos datos, deberase premer no botón Enviar ficheiro.

Se o mesmo día se transferir máis dun ficheiro con prezos correspondentes á mesma instalación, teranse en conta os datos do último envío, sempre e cando se faga constar unha hora coherente de inicio do período de vixencia dos prezos.

Non se admitirán ficheiros cuxa data de comezo do período de validez sexa anterior en máis de tres días ou posterior á data do día en que se envíen.

4. Aviso de recepción do envío realizado: unha vez enviado o ficheiro cos prezos, mostraráselle ao usuario unha pantalla co número de entrada asignado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a data e a hora de presentación. Esta pantalla poderase imprimir e servir como xustificante da presentación telemática.

5. Procesamento da información: o sistema procesará o ficheiro e enviaralle o mesmo día un correo electrónico ao remitente, no cal se lle indicará se o procesamento foi correcto ou se, pola contra, se acharon erros. Neste último caso, o remitente deberá, o mesmo día, corrixir os erros sinalados e volver transferir o ficheiro.

Estrutura do ficheiro:

A estrutura do ficheiro será a indicada na táboa 1, incluíndo o campo FIRMA de identificación do operador por xunto que abandeire a instalación, codificado de acordo coa táboa 2, que se deixará baleiro se a instalación non tivese abandeiramento.

Para consignar adecuadamente as especificacións, deberanse seguir as instrucións complementarias existentes na seguinte páxina web http://www.mityc.es/risp

I.1.2. *Remisión de información mensual de prezos, cantidades e descontos*

A. Remisión de datos de instalacións individuais

Este procedemento utilizarano os suxeitos definidos en I.1.1.A. Remisión de instalacións individuais, como así mesmo os da alínea b) de I.1.1.B. Remisión agrupada (representantes de polo menos cinco instalacións). A remisión desta información realizarase seguindo calquera dos dous procedementos definidos na letra A do anexo I.1.1:

Opción 1: cubriranse os formularios dispoñibles no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp, que terán o seguinte formato:

Táboa 3

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 1) |
| MARGEN | Texto | D, E ou N (dereita, esquerda, non aplicable) (2) |
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| PERÍODO | Texto | Formato aaaa/mm |
| GESTIÓN | Texto | Réxime de xestión da instalación: X (véxase significado en táboa 1) |
| VG95 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 95 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VG97 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 97 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VG98 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 98 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| BOGA | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo automoción habitual (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VNGO | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo automoción de características melloradas (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOB | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo B (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOC | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo calefacción (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VBIO | Número | $m^3$ vendidos no período do produto biodiésel (con 3 decimais): 99999999,999 |

No caso de que non vendan algún produto, deixarase en branco a cela correspondente.

Opción 2: envío por mensaxe SMS. A estrutura da mensaxe, que non terá espazos, será:

*N#ITGCM;CLV:99999999;NRA:XXXXXXXX;CINS:X;DATA:DD-MM-AA;PERIODO:AAAA-MM;G95:99999999,999; G97:99999999,999; G98:99999999,999; GOA:99999999,999; NGO: 99999999,999; GOB: 99999999,999; GOC:99999999,999; BIO:99999999,999

O número da dereita de cada produto corresponderalles ás cantidades vendidas no período indicado, expresado en $m^3$, con 3 decimais (as tres últimas cifras decimais equivalen aos litros). No caso de que non venda algún produto, non indicará nin os 3 caracteres do produto nin tampouco a cifra de vendas, e deberá saltar ao seguinte produto que venda realmente. No caso de que a mensaxe sexa moi longa, observarase o indicado no punto I.1.1.A Remisión de instalacións individuais. O tratamento da mensaxe seguirá un proceso similar ao de I.1.1.A Remisión de instalacións individuais. 2 Remisión de prezos. Opción 2 mensaxes curtas SMS.

B. Remisión de datos con información agregada e agrupada

I. Información que deberán remitir os operadores por xunto de produtos petrolíferos de todas as instalacións da súa rede de distribución, cooperativas, redes de distribución a retallo ou calquera tipo de asociación de suxeitos obrigados.

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura dos ficheiros:

a) Total de consumidores:

Táboa 4

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| FIRMA | Texto | Sinatura: código segundo se detalla en táboa 2 |
| CCAA | Texto | Comunidade autónoma a que se refiren os datos |
| PRODUCTO | Texto | G95, G97, G98, GOA, NGO, GOB, GOC ou BIO |
| PERIODO | Texto | Formato aaaa/mm |
| GESTION | Texto | Réxime de xestión da instalación: X (véxase significado en táboa 1) |
| PVP_MED_POND_RED | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos de venda ao público aplicados en toda a rede: 0,999 |
| PSI_MED_POND_RED | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos sen impostos aplicados en toda a rede: 0,999 |
| NUM_PUNTOS_VENTA | Número | Número de puntos de venda o último día do mes |
| CANTIDADES_RED | Número | $m^3$ vendidos en toda a rede: 99999999,999 |

O nome do ficheiro codificarase como ITGFMSDZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ITG: identifica instalacións terrestres xerais.

FMSD: identifica a frecuencia mensual sen desconto.

ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.

AAAAMMDD: identifica a data de envío.

XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

No caso de cooperativas, o campo FIRMA substituirase polos campos NUM_REG e MARGEN cos significados indicados na táboa 1.

O campo CCAA codificarase con 3 letras, segundo se define na táboa 1 para o número de rexistro da instala-

ción. No caso de operadores por xunto, tamén se incluirá un código NAC, que será a media ponderada da súa rede na Península e nas illas Baleares.

Os prezos entenderanse como os de venda ao público realmente aplicados ou os máximos ou recomendados, segundo corresponda en función do vínculo polo cal queden incluídas as instalacións na súa rede, aplicados ao pé da bomba antes dos descontos. Nos casos de prezos remitidos por cooperativas, asociacións ou distribuidores entenderanse como prezos de venda ao público os prezos realmente aplicados, antes dos descontos.

O arquivo conterá unha liña para cada comunidade autónoma, para cada produto e para cada grupo de instalacións co mesmo tipo de xestión.

b) Consumidores con desconto: deberán remitir esta información soamente os operadores por xunto, e os titulares de redes de distribución a retallo ou asociacións destes, que admitan ou emitan tarxetas de pagamento electrónicas ou outros instrumentos de aplicación de descontos. O arquivo mediante o cal se remita esta información terá a estrutura da táboa 5.

Táboa 5

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| FIRMA | Texto | Sinatura: código segundo se detalla en táboa 2 |
| CCAA | Texto | Comunidade autónoma a que se refiren os datos |
| PRODUCTO | Texto | G95, G97, G98, GOA, NGO, GOB, GOC ou BIO |
| PERIODO | Texto | Formato aaaa/mm |
| GRUPO_CDORES | Texto | Grupo de consumidores (1) |
| PVP_MED_POND_GRUPO | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos de venda con desconto aplicados ao grupo: 0,999 |
| PSI_MED_POND_GRUPO | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos sen impostos aplicados ao grupo: 0,999 |
| CANTIDADES | Número | $m^3$ vendidos ao grupo: 9999999,999 (3 decimais pero sen caracteres de separación de millares) |
| NUM_PUNTOS_VENTA | Número | Número de puntos de venda o último día do mes |
| MEDIOS_FIDELIZACION | Texto | (máx. 50 caracteres) (exemplo RED TORTUGA, RED VALCARCE, ANDAMUR, ou outras) |

(1) Os grupos de consumidores e os seus códigos serán:

T_PROFES: transportistas profesionais.
COLECTIV: colectivos (taxis, frotas de vehículos, etc.).
AGRICULT: agricultores.
OTR_CONS: consumidores distintos dos anteriores aos cales se lles apliquen descontos a través de tarxetas de pagamento ou doutros medios de aplicación de descontos.

O nome do ficheiro será similar ao da letra B do anexo I.1.1, pero en lugar das letras FS consignarase FMCD, que resume «Frecuencia mensual con desconto».

O campo CCAA codificarase con 3 letras, segundo se define na táboa 1 para o número de rexistro da instalación. Tamén se incluirá un código NAC no campo CCAA, que será a media ponderada da súa rede na Península e nas illas Baleares.

Entenderase por prezo de venda a cada grupo de consumidores o prezo final resultante da aplicación do desconto total e certo, excluíndo os descontos correspondentes a puntos trocables e incluíndo o importe total no caso de descontos compartidos.

Cada un dos suxeitos obrigados nesta epígrafe enviará os datos correspondentes ao produto e ao grupo de consumidores ao cal lles faga descontos. No caso de existiren varios grupos e/ou produtos sobre os cales se apliquen descontos, deberase enviar unha fila por cada grupo e produto.

O nome do ficheiro codificarase como ITGFMCDZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ITG: identifica instalacións terrestres xerais.
FMCD: identifica a frecuencia mensual con desconto.
ZZZ: identifica o operador, rede ou asociación de distribuidores a retallo.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

No caso de que a información a vaia dar a entidade emisora das tarxetas ou unha asociación ou rede de distribuidores a retallo, e que polo tanto non sexa operador por xunto, deberase inscribir no censo de xeito similar se se tratase dun representante que agrupa polo menos cinco instalacións, solicitando identificación de usuario e contrasinal, segundo as instrucións da páxina web https://registrotelematico.mityc.es/aplicaciones/envioprecios/solicitud/Avisoagrupado.aspx, especificando no seu correo electrónico que se trata dunha inscrición para comunicación de descontos.

En calquera caso, o remitente enviará, ademais, un arquivo onde relacione os distribuidores a retallo que durante ese período utilizaron os seus medios de pagamento. Conterá os seguintes campos, estruturados como táboa 6.

Táboa 6

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| PERIODO | Texto | Formato aaaa/mm |
| FIRMA | Texto | Sinatura: código do operador ou da entidade remitente |
| MEDIO_PAGO | Texto | Descrición deste (exemplo SOLRED) |
| NÚM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 1) |
| MARGEN | Texto | D, E ou N (dereita, esquerda, non aplicable) (véxase táboa 1) |

Haberá tantas filas como distribuidores a retallo onde se utilizase ese medio de pagamento nese período.

O envío da información anterior efectuarase por transferencia de ficheiros. O nome do ficheiro codificarase como ITGFMRDZZZAAAMMDD.XLS, onde a codificación de símbolos se definiu anteriormente, agás: RD (relación distribuidores a retallo).

I.1.3. *Remisión anual de información de cantidades vendidas*

A. Remisión de datos de instalacións individuais

Este procedemento utilizarano os suxeitos definidos en I.1.1.A. Remisión de instalacións individuais. A remisión desta información realizarase seguindo calquera dos dous procedementos definidos na letra A do anexo I.1.2:

Cubrindo os formularios establecidos na aplicación de remisión de prezos no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp, que terá unha estrutura similar á táboa 3 transcrita a seguir como táboa 7, ou utilizando a estrutura da mensaxe SMS, cambiando en ambos os dous casos o campo PERIODO por AÑO, e ITGCM por ITGCA para a mensaxe SMS.

Táboa 7

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 1) |
| MARGEN | Texto | D, E ou N (dereita, esquerda, non aplicable) (2) |
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| GESTION | Texto | Réxime de xestión da instalación: X (véxase táboa 1) |
| AÑO | Texto | Formato aaaa |
| VG95 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 95 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VG97 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 97 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VG98 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 98 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOA | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo automoción habitual (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VNGO | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo automoción de características melloradas (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOB | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo B (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOC | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo calefacción (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VBIO | Número | $m^3$ vendidos no período do produto biodiésel (con 3 decimais): 99999999,999 |

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido no ano especificado, expresado en metros cúbicos con tres decimais.

B. Remisión agrupada de información de datos individuais

I. Información que deberá ser remitida:

a) Polos operadores por xunto de produtos petrolíferos de todas as instalacións da súa rede de distribución.

b) Polos titulares de instalacións de fornecemento a vehículos e instalacións terrestres, ou os seus representantes, que envíen conxuntamente datos de polo menos cinco instalacións (incluíndo cooperativas, redes de distribución retallista ou calquera tipo de asociación de suxeitos obrigados).

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp, seguindo os pasos definidos na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

A estrutura do ficheiro será a indicada na táboa 8, incluíndo a sinatura de identificación do operador ou remitente de datos de acordo coa táboa 2, ou do representante, en lugar do número de rexistro da instalación. As cooperativas substituirán o campo FIRMA por TVENTA_COOP con significado e codificación idéntica a este mesmo campo da táboa 1.

Táboa 8

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA | Texto | Sinatura: código do operador |
| NÚM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 1) |
| MARGEN | Texto | D, E ou N (dereita, esquerda, non aplicable) (2) |
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| GESTION | Texto | Réxime de xestión da instalación: X (véxase táboa 1) |
| AÑO | Texto | Formato aaaa |
| VG95 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 95 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VG97 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 97 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VG98 | Número | $m^3$ vendidos no período de gasolina IO 98 (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOA | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo automoción habitual (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VNGO | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo automoción de características melloradas (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOB | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo B (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VGOC | Número | $m^3$ vendidos no período de gasóleo calefacción (con 3 decimais): 99999999,999 |
| VBIO | Número | $m^3$ vendidos no período do produto biodiésel (con 3 decimais): 99999999,999 |

O nome do ficheiro codificarase como ITGFAZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ITG: identifica instalacións terrestres xerais.
FA: identifica a frecuencia anual.
ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

Ao transmitir o ficheiro, o operador por xunto deberá indicar, marcando un recadro da páxina da internet onde efectúa a transmisión, se actúa como operador por xunto ou como representante para o envío de cantidades das instalacións ás cales fornece en exclusiva.

## I.2 Fornecemento mediante vendas directas a consumidores finais para consumo nas súas instalacións

### I.2.1 *Prezos con periodicidade semanal mínima*

Información que deberá ser remitida só por aqueles suxeitos obrigados que fornezan na Península e nas illas Baleares:

a) Gasóleo de calefacción para consumos comprendidos entre 2.000 e 5.000 litros ou

b) Fuel óleo de baixo índice de xofre en cantidades inferiores a 2.000 t/mes ou 24.000 t/ano.

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

Previamente á solicitude de usuario e contrasinal ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, cubrirase un formulario censual dispoñible no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp.

Unha vez cuberto o formulario de datos censuais e na mesma aplicación, obterá a identificación de usuario e o contrasinal, que deberá ser validado pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos para que sexa operativo.

Estrutura do ficheiro:

Táboa 9

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| FIRMA | Texto | Código de tres letras da empresa |
| PSI_GOC_UE | Número | Prezo sen impostos ao consumidor final do produto gasóleo calefacción: 0,999 (entre 2.000 e 5.000 litros)<br>Considerarase tamén neste campo o GOB destinado a calefacción |
| PVP_GOC_UE | Número | Prezo de venda ao consumidor final do produto gasóleo calefacción: 0,999 (entre 2.000 e 5.000 litros).<br>Considerarase tamén neste campo o GOB destinado a calefacción |
| PSI_FOB_UE | Número | Prezo sen impostos, fuel óleo baixo índice de xofre (999,99 euros/t) (para calquera tipo de consumo con vendas inferiores a 2.000 t/mes ou 24.000 t/ano) |
| PIEVM_FOB_UE | Número | Prezo con imposto especial e imposto vendas a retallo fuel óleo baixo índice de xofre (999,99 euros/t) (para calquera tipo de consumo con vendas inferiores a 2.000 t/mes ou 24.000 t/ano) |

Os prezos da táboa anterior serán os medios calculados de todas as vendas realizadas pola empresa o primeiro día laborable da semana. A información deberase remitir antes das 12.00 do mediodía do día seguinte. Se son festivos luns e martes, tomaranse as vendas realizadas o mércores até as 11.00 horas da mañá e remitiranse antes das 12.00 horas do mediodía.

Dado que estes prezos debidamente procesados se deben transmitir á Unión Europea semanalmente, non se admitirán transferencias de ficheiros posteriores ao indicado no parágrafo anterior.

O nome do ficheiro codificarase como VDTFSZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

VDT: identifica vendas directas terrestres.
FS: identifica a frecuencia semanal.
ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

Para consignar adecuadamente estas especificacións, deberanse seguir as instrucións complementarias que poida haber na seguinte páxina web http://www.mityc.es/risp

### I.2.2 *Prezos e cantidades con periodicidade mensual*

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

a) Prezos

Táboa 10

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Véxase descrición ao final desta táboa |
| SEGMENTO | Texto | Segmentos de mercado (1) |
| PERIODO | Texto | aaaa/mm |
| CCAA | Texto | Comunidade autónoma a que se refiren os datos |
| PVPG95SPB | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao público do produto gasolina 95: 0,999 |
| PVPG97CPB | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao público do produto gasolina 97: 0,999 |

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| PVPG98SPB | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao público do produto gasolina 98: 0,999 |
| PVPGOA | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao consumidor final do produto gasóleo automoción habitual: 0,999 |
| P_S_I_GOA | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo sen impostos ao consumidor final do produto gasóleo automoción habitual: 0,999 |
| PVPNGO | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao consumidor final do produto gasóleo automoción de características melloradas: 0,999 |
| PVPGOB | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao consumidor final do produto gasóleo B: 0,999.<br>Exceptuarase o GOB destinado a calefacción |
| P_S_I_GOB | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo sen impostos ao consumidor final do produto gasóleo B: 0,999<br>Exceptuarase o GOB destinado a calefacción |
| PVPGOC | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao consumidor final do produto gasóleo calefacción: 0,999<br>Considerarase tamén neste campo o GOB destinado a calefacción |
| P_S_I_GOC | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo sen impostos ao consumidor final do produto gasóleo calefacción: 0,999<br>Considerarase tamén neste campo o GOB destinado a calefacción |
| PVPBIOD | Número | Media ponderada por litros vendidos do prezo de venda ao consumidor final do produto biodiésel: 0,999 |
| P_S_I_FOB | Número | Media ponderada por toneladas vendidas do prezo sen impostos fuel óleo baixo índice de xofre (999,99 euros/t)<br>Para consumos exentos de IE e IVM |
| PIEVM_FOB | Número | Media ponderada por toneladas vendidas do prezo con imposto especial e imposto vendas a retallo fuel óleo baixo índice de xofre (999,99 euros/t)<br>Para consumos obrigados ao pagamento de IE e IVM |
| P_S_I_FOE | Número | Media ponderada por toneladas vendidas do prezo sen impostos fuel óleo especial (999,99 euros/t)<br>Para consumos exentos de IE e IVM |
| PIEVM_FOE | Número | Media ponderada por toneladas vendidas do prezo con imposto especial e imposto vendas a retallo fuel óleo especial (999,99 euros/t)<br>Para consumos obrigados ao pagamento de IE e IVM |
| NUM_VENTAS_CCAA | Número | Número de vendas por comunidade autónoma no mes |

(1) Segmentos de mercado (empregaranse cinco letras maiúsculas codificadas como se expón a seguir, e segundo clasificación da Axencia Internacional da Enerxía):

1. Sector transformación: produto consumido como materia prima para a xeración enerxética (GELEC)
2. Sector enerxético: consumo auxiliar para a xeración enerxética (GECAU)
3. Consumo final (non se dará unha cifra global de consumo final, nin por tanto existe código de cinco letras, senón que se desagregará nos seguintes puntos):

3.1 Transporte (TRANS):

Adicionalmente ao dato global de vendas ao transporte, deberanse diferenciar os segmentos seguintes sempre que se realizasen vendas a eles:

Transporte profesional (STRAP).
Transporte ferroviario (TFFCC).

3.2 Industria (INDUS).
3.3 Servizos (SERVI):

Adicionalmente ao dato global de vendas ao sector servizos, deberanse diferenciar os segmentos seguintes sempre que se realizasen vendas a eles:

Hipermercados (HIPER).
Organismos oficiais ou públicos (OOPUB).

3.4 Residencial (RESID).
3.5 Agricultura (SAGRI).
3.6 Outros non especificados nas anteriores epígrafes (OUTROS).

4. Uso non enerxético: produto consumido como materia prima para uso distinto da xeración enerxética (industria química ...) (MPRIM).

Unha vez inscrita a empresa seguindo as instrucións contidas no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp, apareceralle a identificación de usuario e contrasinal, que para ser efectivo deberá ser validado pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos.

Enviarase un rexistro por instalación de cada sinatura, para cada segmento e comunidade autónoma.

O campo FIRMA_NUM_REG, único para cada instalación de cada empresa, formarase mediante as tres letras maiúsculas do código da sinatura comunicado ao inscribirse, as tres letras maiúsculas correspondentes á comunidade autónoma e tres díxitos correlativos. Á primeira instalación desa empresa nesa comunidade autónoma asignaráselle 001, á seguinte 002 e así sucesivamente. Exemplos: CEPMAD001, CEPMAD002.

O campo CCAA codificarase con 3 letras, segundo se define na táboa 1 para o número de rexistro da instalación. No caso de operadores por xunto, tamén se incluirá un código NAC, que será a media ponderada da súa rede na Península e nas illas Baleares.

No caso dos fueis, todos os prezos serán sen IVE. Os prezos serán a media das vendas directas a consumidor final correspondentes ao mes anterior.

Á parte do prezo normal PVP dos diferentes produtos, para algúns deles como GOA, GOB, GOC, FOB e FOE consideráronse outros prezos sen impostos (P_S_I), ou con

imposto especial e o de vendas a retallo (PIEVM) de acordo coas facturacións reais segundo que o consumidor final estea exento dalgúns impostos. As medias nacionais realizaranse por prezos coherentes, é dicir, do mesmo tipo (PVP, PSI ou PIEVM).

Entenderase como prezo de venda ao público o prezo realmente aplicado ao consumidor final na súa instalación.

Entenderase por biodiésel o establecido no Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, e se regula o uso de determinados biocarburantes, ou a normativa equivalente que estiver en vigor nese momento.

FOB corresponde ao fuel óleo de baixo índice de xofre segundo o anexo IV do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, e se regula o uso de determinados biocarburantes, ou a normativa equivalente que estiver en vigor nese momento. O FOE corresponde ao fuel óleo especial recollido no artigo 4 do real decreto anterior (utilizado en grandes instalacións de combustión e outras).

O nome do ficheiro codificarase como VDTFMPZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

VDT: identifica vendas directas terrestres.
FMP: identifica frecuencia mensual prezos.
ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

b) Cantidades:

Táboa 11

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Véxase descrición en táboa 10 |
| SEGMENTO | Texto | Segmentos de mercado (véxase táboa 10) |
| PERIODO | Texto | aaaa/mm |
| CCAA | Texto | Comunidade autónoma a que se refiren os datos |
| VENG95SPB | Número | $m^3$ vendidos do produto gasolina 95: 999999,999 |
| VENG97CPB | Número | $m^3$ vendidos do produto gasolina 97: 999999,999 |
| VENG98SPB | Número | $m^3$ vendidos do produto gasolina 98: 999999,999 |
| VENGOA | Número | $m^3$ vendidos do produto gasóleo automoción habitual: 999999,999 |
| VENNGO | Número | $m^3$ vendidos do produto gasóleo automoción de características melloradas: 999999,999 |
| VENGOB | Número | $m^3$ vendidos do produto gasóleo B: 999999,999 non exento de imposto especial nin de IVM.<br>Exceptuarase o GOB destinado a calefacción |
| VENP_S_I_GOB | Número | $m^3$ vendidos do produto gasóleo B, exentos de impostos: 999999,999 |
| VENGOC | Número | $m^3$ vendidos do produto gasóleo calefacción: 999999,999<br>Considerarase tamén neste campo o GOB destinado a calefacción. Incluirá tamén as vendas de VOL_GOC_UE |
| VOL_GOC_UE | Número | $m^3$ vendidos do produto gasóleo calefacción para consumos entre 2.000 e 5.000 litros: 999999,999<br>Considerarase tamén neste campo o GOB destinado a calefacción sempre que estean no rango de consumo entre 2.000 e 5.000 litros |
| VENBIOD | Número | $m^3$ vendidos do produto biodiésel: 999999,999 |
| VENP_S_I_FOB | Número | Toneladas vendidas do produto fuel óleo baixo índice de xofre, sen impostos: 999999,999<br>Para os consumos exentos de IE e IVM |
| VENPIEVM_FOB | Número | Toneladas vendidas do produto fuel óleo baixo índice de xofre, con imposto especial e imposto de vendas a retallo (sen IVE): 999999,999<br>Para consumos obrigados ao pagamento de IE e IVM. Incluirá tamén as vendas de CNT_FOB_UE |
| CNT_FOB_UE | Número | Toneladas vendidas do produto fuel óleo baixo índice de xofre, para consumos inferiores a 2.000 t/mes ou 24.000 t/ano: 999999,999 |
| VENP_S_I_FOE | Número | Toneladas vendidas do produto fuel óleo especial, sen impostos: 999999,999<br>Para os consumos exentos de IE e IVM |
| VENPIEVM_FOE | Número | Toneladas vendidas de fuel óleo especial, con imposto especial e imposto de vendas a retallo: 999999,999)<br>Para consumos obrigados ao pagamento de IE e IVM |

O nome do ficheiro codificarase como VDTFMCZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

VDT: identifica vendas directas terrestres.
FMC: identifica frecuencia mensual cantidades.
ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

### I.2.3 *Remisión anual de información de prezos e cantidades vendidas*

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

A estrutura dos ficheiros será a establecida nas táboas 10 e 11, pero os datos referiranse ao período anual (o campo PERIODO será substituído por AÑO, e terá o formato aaaa).

As medias anuais de prezos poden ser diferentes das calculadas a partir dos datos mensuais pola existencia de rápeles non consignados nas medias mensuais por seren coñecidos con posterioridade.

Os nomes dos ficheiros codificaranse como VDTFAPZZZAAAAMMDD.XXX para os prezos e VDTFACZZZAAAAMMDD.XXX para as cantidades, onde:

VDT: identifica vendas directas terrestres.
FAP/FAC: identifica frecuencia anual prezos/cantidades.
ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

Nota. Todos os arquivos Excel mencionados no anexo conterán unha folla única que obrigatoriamente se chamará Folla 1. Non se admitirá ningún outro nome.

## ANEXO II

### Información relativa a fornecemento para embarcacións

II.1 FORNECEMENTO A TRAVÉS DE INSTALACIÓNS DE DISTRIBUCIÓN A RETALLO A EMBARCACIÓNS

II.1.1 *Prezos e outras informacións con periodicidade semanal*

A. Remisión de prezos de instalacións individuais

1. Identificación de usuario e contrasinal:

Previamente á solicitude de usuario e contrasinal ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, cubrirase un formulario censual dispoñible no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp

Unha vez cuberto o formulario de datos censuais, e na mesma aplicación, obterá a identificación de usuario e contrasinal, que deberá ser validada pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos para que sexa operativa.

Existirán instrucións en http://www.mityc.es/risp para rexistrarse no censo ben como distribuidor a retallo individual, ben como operador por xunto, ben como representante de polo menos cinco instalacións. Ao inscribirse no censo obterase a identificación de usuario e o contrasinal correspondente.

Os operadores que aparezan na táboa 2 deberán utilizar a codificación que alí aparece.

2. Remisión de información. A remisión da información realizarase seguindo calquera dos dous procedementos definidos na letra A do anexo I.1.1:

Opción 1: cubrindo os formularios establecidos na aplicación de remisión de prezos no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp, que terán o formato seguinte:

Táboa 12

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (1) |
| FECHAIPER | Data | Data do período de vixencia dos prezos: DD/MM/AAAA |
| HORAIPER | Texto | Hora de inicio do período de vixencia dos prezos: hh:mm |
| TIPO | Texto | P: fornecemento a pesqueiros; R: fornecemento a barcos deportivos e de recreo; M: mixto (fornecemento a pesqueiros e a barcos deportivos e de recreo) |
| COPOSTAL | Texto | Código postal da instalación: XXXXX (5 caracteres numéricos con formato texto) |
| PVPG95SPB | Número | Prezo venda ao público do produto gasolina 95: 0,999 (con impostos; en euros/litro) |
| PVPGOA | Número | Prezo venda ao público do produto gasóleo automoción habitual: 0,999 (con impostos; en euros/litro) |
| PVPGOB | Número | Prezo de venda do produto gasóleo B: 999,9 (sen impostos; en euros/1000 litros) |
| PVPMGO | Número | Prezo de venda ao público do produto *Marine gasoil*: 999,9 (sen impostos; en euros/1000 litros) |

(1) O campo FIRMA_NUM_REG, único para cada instalación de cada empresa, formarase mediante as tres letras maiúsculas do código da sinatura comunicado ao inscribirse, as tres letras maiúsculas correspondentes á comunidade autónoma e tres díxitos correlativos. Á primeira instalación desa empresa nesa comunidade autónoma asignaráselle 001, á seguinte 002 e así sucesivamente. Exemplos: REPAND001, REPAND002.

Para consignar adecuadamente estas especificacións, deberanse seguir as instrucións complementarias existentes na seguinte páxina web http://www.mityc.es/risp

Entenderase como prezo de venda ao público o prezo realmente aplicado ao pé da bomba, sen descontos.

Opción 2: remitindo a información por medio de mensaxes curtas SMS ao teléfono 606 369 907.

O formato desta mensaxe, que non deberá conter ningún espazo en branco, será o seguinte:

*N#IPMFSP;CLV:99999999;NRA:XXXXXXXX;DATA:DD-MM-AA;HORA:HH:MM;TIPO:X;G95:0,999;GOA:0,999;GOB:999,9;MGO:999,9

O significado dos campos contidos na mensaxe é o seguinte:

IPMFSP: indicativo de que a información que se remite a seguir se refire a instalacións postes marítimos frecuencia semanal prezos.
CLV: contrasinal asignado pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos.
NRA: número de rexistro da instalación.
DATA: data de inicio do período de vixencia dos prezos.
HORA: hora de inicio de período de vixencia.
TIPO: P: fornecemento a pesqueiros; R: fornecemento a barcos deportivos e de recreo; M: mixto (fornecemento a pesqueiros e a barcos deportivos e de recreo).
G95: prezo de venda ao público do produto gasolina 95 (con impostos; en euros/litro).
GOA: prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción habitual (con impostos; en euros/litro).
GOB: prezo de venda ao público do produto gasóleo B (sen impostos; en euros/1000 litros).
MGO: prezo de venda ao público do produto *Marine gasoil* (sen impostos; en euros/1000 litros).

O procedemento será similar ao descrito en I.1.1.A.2. Opción 2.

B. Remisión de prezos de datos de varias instalacións individuais

I. Información que deberá ser remitida:

a) Polos operadores por xunto de produtos petrolíferos de todas as instalacións da súa rede de distribución.

b) Polos titulares de instalacións de fornecemento a embarcacións, ou os seus representantes, que envíen conxuntamente datos de polo menos cinco instalacións.

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

A estrutura do ficheiro será a indicada na táboa 12 engadindo o campo FIRMA de identificación do operador

ou remitente de datos de acordo coa táboa 2, ou coa codificación de usuario obtida ao cubrir os datos do censo.

O operador por xunto de postes marítimos, antes de realizar o seu primeiro envío de información, descargará un arquivo Excel de datos censuais baleiro, salvo os nomes dos campos; cubrirao cos seus datos, incluído o campo FIRMA_NUM_REG, numerando correlativamente as súas instalacións na mesma comunidade autónoma, segundo se explica e se exemplifica na nota (1) da táboa 12, e enviarao adxunto a un correo electrónico dirixido a censoeess@mityc.es. No caso de que o remitente sexa unha agrupación ou representante de polo menos cinco instalacións, enviará o campo FIRMA_NUM_REG de cada distribuidor individual inscrito no censo.

O nome do ficheiro codificarase como IPMFSZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

IPM: identifica instalacións postes marítimos.
FS: identifica a frecuencia semanal.
ZZZ: identifica o operador ou remitente de datos.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

II.1.2 *Remisión de información mensual de prezos e cantidades*

A. Remisión de datos de instalacións individuais

Información que deberá ser remitida:

a) Polos distribuidores a retallo individuais.

b) Polos titulares de instalacións de fornecemento a embarcacións, ou os seus representantes, que envíen conxuntamente datos de polo menos cinco instalacións.

A remisión desta información realizarase seguindo calquera dos dous procedementos definidos na letra A do anexo I.1.1:

Opción 1: cubrindo os formularios establecidos no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp, que terán a estrutura seguinte:

Táboa 13

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 12) |
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| PERIODO | Texto | Formato aaaa/mm |
| CG95 | Número | Metros cúbicos de G95 vendidos (2) |
| CGOA | Número | Metros cúbicos de GOA vendidos (2) |
| CGOB | Número | Metros cúbicos de GOB vendidos (2) |
| CMGO | Número | Metros cúbicos de *Marine gasoil* vendidos (2) |

(2) Expresarase con 3 decimais. A última cifra decimal equivale ao litro.

Opción 2: remitindo a información por medio de mensaxes curtas SMS ao teléfono 606 369 907.

O formato desta mensaxe, que non deberá conter ningún espazo en branco, será o seguinte:

*N#IPMFMC;CLV:99999999;NRA:XXXXXXXX;PERIODO:aaaa-mm;G95:9999,999;GOA:9999,999;GOB:9999,999;MGO: 9999,999

e poderase incrementar ou diminuír o número de cifras enteiras segundo as necesidades.

IPMFMC: indicativo de que a información que se remite a seguir se refire a instalacións postes marítimos frecuencia mensual cantidades.

CLV: contrasinal asignado pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos.

NRA: número de rexistro da instalación.

PERÍODO: aaaa-mm.

G95: cantidade vendida do produto gasolina 95.

GOA: cantidade vendida do produto gasóleo automoción habitual.

GOB: cantidade vendida do produto gasóleo B.

MGO: cantidade vendida do produto *Marine gasoil*.

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido no período especificado expresado en metros cúbicos con tres decimais, e poderanse ampliar as cifras enteiras segundo for necesario.

No caso de remisión polos titulares de instalacións de fornecemento a embarcacións, ou polos seus representantes, que envíen conxuntamente datos de polo menos cinco instalacións, enviarán os datos para cada unha das instalacións.

B. Remisión de datos agregados e agrupados das instalacións individuais

I. Información que deberá ser remitida polos operadores por xunto de produtos petrolíferos de todas as instalacións da súa rede de distribución.

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. Procederase de xeito análogo ao exposto na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

Táboa 14

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA | Texto | Sinatura: código segundo se detalla en táboa 2 |
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| CCAA | Texto | Comunidade autónoma a que se refiren os datos |
| PRODUCTO | Texto | G95, GOA, GOB ou MGO |
| VOL_MERCADO | Texto | XX: véxase (1) abaixo para significado |
| PERÍODO | Texto | Formato aaaa/mm |
| PVP_MED_POND_RED | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos de venda ao público aplicados en toda a rede: 0,999 |

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| PSI_MED_POND_RED | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos sen impostos aplicados en toda a rede: 0,999 |
| NUM_CLIENTES | Número | Número de clientes en cada segmento de mercado (véxase táboa 12) |
| CANTIDADES_RED | Número | $m^3$ vendidos en cada segmento de mercado: 99999999,999 (véxase táboa 12) |

(1) Os segmentos de mercado serán:

Postes deportivos: D1 (cargas menores a 500 litros); D2 (cargas iguais ou superiores a 500 litros).
Postes pesqueiros: P1 (cargas menores a 10.000 litros); P2 (cargas maiores de 10.000 litros e menores que 25.000); P3 (cargas iguais ou maiores que 25.000 litros).

O nome do ficheiro codificarase como IPMFMZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

IPM: identifica instalacións postes marítimos.
FM: identifica a frecuencia mensual.
ZZZ: identifica o operador ou representante de polo menos cinco instalacións.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

Os prezos daranse en euros/litro (0,999) para a gasolina G95 e o GOA, e en euros/1000 litros (999,9) para o GOB e o MGO, e serán a media mensual ponderada por consumos dos prezos netos aplicados por CCAA e segmento de mercado.

Para realizar o envío agrupado de polo menos cinco instalacións, solicitarase un nome de usuario e contrasinal mediante un correo electrónico a censoeess@mityc.es. Ao devandito correo irá adxunto un arquivo Excel de formato predefinido, no cal se proporcionarán os datos das instalacións.

O campo CCAA codificarase con 3 letras, segundo se define na táboa 1 para o número de rexistro da instalación. Tamén se incluirá un código NAC, que será a media ponderada da súa rede na Península e nas illas Baleares.

II.1.3 *Remisión anual de información de cantidades vendidas*

A. Remisión de datos de instalacións individuais

A información deberá ser remitida polos mesmos suxeitos indicados en II.1.2.A.

A remisión da información realizarase seguindo calquera dos dous procedementos definidos na letra A do anexo I.1.1:

Opción 1: cubrindo os formularios establecidos na aplicación de remisión de prezos no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp, que terán o formato seguinte:

Táboa 15

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 12) |
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| AÑO | Texto | Formato aaaa |
| CG95 | Número | Metros cúbicos de G95 vendidos |
| CGOA | Número | Metros cúbicos de GOA vendidos |
| CGOB | Número | Metros cúbicos de GOB vendidos |
| CMGO | Número | Metros cúbicos de *Marine gasoil* vendidos |

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido no período, expresado en metros cúbicos con tres decimais, e poderanse ampliar as cifras enteiras segundo for necesario.

Opción 2: remitindo a información por medio de mensaxes curtas SMS ao teléfono 606 369 907.

O formato desta mensaxe, que non deberá conter ningún espazo en branco, será o seguinte:

*N#IPMFAC;CLV:99999999;NRA:XXXXXXXX;ANO:aaaa;G95:9999,999;GOA:9999,999;GOB:9999,999;MGO:9999,999

e poderase incrementar ou diminuír o número de cifras enteiras segundo as necesidades.

IPMFAC: indicativo de que a información que se remite a seguir se refire a instalacións postes marítimos frecuencia anual cantidades.

ANO: aaaa.

O resto dos campos ten o mesmo significado que no punto II.1.2.A, opción 2.

No caso de remisión polos titulares de instalacións de fornecemento a embarcacións, ou os seus representantes que envíen conxuntamente datos de polo menos cinco instalacións, enviarán os datos para cada unha das instalacións.

B. Remisión de datos de redes de instalacións individuais

I. Información que deberá ser remitida polos operadores por xunto de produtos petrolíferos de todas as instalacións da súa rede de distribución.

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp de xeito análogo ao exposto na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

Táboa 16

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA | Texto | Sinatura: código segundo se detalla en táboa 2 |
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 12) |
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| VOL_MERCADO | Texto | XX: véxase significado en táboa 14 |
| AÑO | Texto | Formato aaaa |
| CG95 | Número | Metros cúbicos de G95 vendidos |
| CGOA | Número | Metros cúbicos de GOA vendidos |
| CGOB | Número | Metros cúbicos de GOB vendidos |
| CMGO | Número | Metros cúbicos de *Marine gasoil* vendidos |

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido no período, expresado en metros cúbicos con tres decimais, e poderanse ampliar as cifras enteiras segundo for necesario.

O campo CCAA codificarase con 3 letras, segundo se define na táboa 1 para o número de rexistro da instalación. No caso de operadores por xunto, tamén se incluirá un código NAC, que será a media ponderada da súa rede na Península e nas illas Baleares.

O nome do ficheiro codificarase como IPMFACZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

IPM: identifica instalacións postes marítimos.
FAC: identifica frecuencia anual cantidades.
ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

II.2 FORNECEMENTOS DIRECTOS A EMBARCACIÓNS MEDIANTE CAMIÓN, GABARRA, BRAZOS DE CARGA OU TUBAXE

II.2.1 *Remisión de información mensual de prezos e cantidades*

1. Identificación de usuario e contrasinal. Previamente á solicitude de usuario e contrasinal ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, cubrirase un formulario censual dispoñible no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp.

Unha vez cuberto o formulario de datos censuais, deberá solicitar a identificación de usuario e mediante a aplicación de remisión de información dispoñible no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp.

2. Remisión de información. A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

Táboa 17

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FECHA_ENVIO | Data | Formato dd/mm/aaaa |
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Véxase significado en táboa 12 |
| CCAA | Texto | Comunidade autónoma a que se refiren os datos |
| PRODUCTO | Texto | G95, GOA, GOB ou MGO |
| VENTA | Texto | C para camión, G para gabarra, B para brazo carga e T para tubaxe |
| VOL_MERCADO | Texto | XX: (1) |
| PERÍODO | Texto | Formato aaaa/mm |
| NUM_CLIENTES | Número | Número de clientes por segmento de mercado |
| PVP_MED_POND_RED | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos de venda ao público aplicados na instalación ou en toda a rede, segundo corresponda: 0,999 |
| PSI_MED_POND_RED | Número | Media ponderada por litros vendidos dos prezos sen impostos aplicados na instalación ou en toda a rede, segundo corresponda: 0,999 |
| CANTIDADES_RED | Número | $m^3$ vendidos segundo o tipo de venda (C, G, B ou T) para cada segmento de mercado: 99999999,999 (1) |

(1) Segmentos de mercado:

Postes deportivos: D1 (cargas menores de 10.000 litros); D2 (cargas iguais ou superiores a 10.000 litros).
Postes pesqueiros e navegación de cabotaxe (excluída navegación marítima internacional): P1 (cargas menores de 10.000 litros); P2 (cargas entre 10.000 e 24.999 litros); P3 (cargas entre 25.000 e 100.000 litros) e P4 (cargas maiores de 100.000 litros).

Os prezos daranse en euros/litro (0,999) para a gasolina G95 e o GOA, e en euros/1000 litros (999,9) para o GOB e o MGO.

No caso do sector pesqueiro, os prezos PSI e PVP serán idénticos e porase o mesmo valor en ambos os campos.

O nome do ficheiro codificarase como VDMFMPCZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

VDM: identifica vendas directas mariñas.
FM: identifica frecuencia mensual.
PC: identifica prezos e cantidades.
ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.
AAAAMMDD: identifica a data de envío.
XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

II.2.2 *Remisión anual de información de cantidades vendidas*

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

Táboa 18

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase táboa 12) |
| AÑO | Texto | Formato aaaa |
| VENTA | Texto | C para camión, G para gabarra, B para brazo carga e T para tubaxe |
| VOL_MERCADO | Texto | XX: mesmo significado que en táboa 17 |
| CG95 | Número | Cantidade vendida do produto gasolina 95 |
| CGOA | Número | Cantidade vendida do produto gasóleo automoción habitual |
| CGOB | Número | Cantidade vendida do produto gasóleo B |
| CMGO | Número | Cantidade vendida do produto *Marine gasoil* |

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido no período, expresado en metros cúbicos con tres decimais, e poderanse ampliar as cifras enteiras segundo for necesario.

O nome do ficheiro codificarase como VDMFACZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

VDM: identifica vendas directas mariñas.

FAC: identifica a frecuencia anual cantidades.

ZZZ: identifica o operador ou distribuidor.

AAAAMMDD: identifica a data de envío.

XXX: identifica o formato do arquivo (xls para «Excel»).

Para consignar adecuadamente estas especificacións, deberanse seguir as instrucións complementarias que puidese haber na páxina web http://www.mityc.es/risp.

Nota. Todos os arquivos Excel mencionados no anexo conterán unha folla única que obrigatoriamente se chamará Folla 1. Non se admitirá ningún outro nome.

## ANEXO III

### Información relativa a fornecementos para aeronaves

III.1 Remisión mensual de información sobre prezos

1. Identificación de usuario e contrasinal. Previamente á solicitude de usuario e contrasinal ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, cubrirase un formulario censual dispoñible no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp.

Unha vez cuberto o formulario de datos censuais, deberá solicitar a identificación de usuario e mediante a aplicación de remisión de información dispoñible no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp.

2. Remisión de información. A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp. O procedemento será o mesmo detallado na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

Táboa 19

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase descrición en táboa 12) |
| PERIODO | Data | Mes a que se refiren os datos: aaaa/mm |
| AEROPUERTO/REFINERÍA | Texto | Aeroporto ou refinaría en que se produce a venda, segundo corresponda |
| COPOSTAL | Texto | Código postal da instalación: XXXXX (aeroporto ou refinaría segundo proceda) |
| PVPGNAV | Número | Prezo de venda á compañía propietaria da aeronave do produto gasolina de aviación. O prezo, en €/m$^3$, é «posto na aeronave» e inclúe todos os impostos aplicables. |
| PSI_JET_A1 | Número | Prezo de venda á compañía propietaria da aeronave do produto queroseno de aviación Jet A1. O prezo, en €/m$^3$, é «posto na aeronave», Ex-refinaría ou importado e exclúe calquera imposto. |
| PSI_JET_A2 | Número | Prezo de venda á compañía propietaria da aeronave do produto queroseno de aviación Jet A2. O prezo, en €/m$^3$, é «posto na aeronave», Ex-refinaría ou importado e exclúe calquera imposto. |
| TIPO_VENTA | Texto | Tipo de venda (1) |

(1) Tipo de venda:

X: na refinaría (Ex-refinaría).
M: en instalacións aeroportuarias.
A: no avión (on-board).

O nome do ficheiro codificarase como ISAFMZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ISA: identifica que se trata de instalacións de fornecemento a aeronaves.

FM: identifica a frecuencia mensual mínima.

ZZZ: código alfabético do operador segundo táboa 1.

AAAAMMDD: data do envío.

XXX: formato do ficheiro (xls para «Excel»).

III.2 REMISIÓN ANUAL DE INFORMACIÓN DE CANTIDADES VENDIDAS

A información a remitir deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web http://www.mityc.es/risp de xeito análogo ao exposto na letra B do anexo I.1.1.

Estrutura do ficheiro:

Táboa 20

| Nome do campo | Tipo do campo | Descrición |
|---|---|---|
| FIRMA_NUM_REG | Texto | Número de rexistro da instalación (véxase descrición en táboa 12) |
| AÑO | Texto | Formato aaaa |
| AEROPUERTO/REFINERÍA | Texto | Aeroporto ou refinaría en que se produce a venda, segundo corresponda |
| COPOSTAL | Texto | Código postal da instalación: XXXXX (aeroporto ou refinaría segundo proceda) |
| CANGNAV | Número | Cantidade vendida do produto gasolina de aviación |
| CAN_JET_A1 | Número | Cantidade vendida do queroseno de aviación Jet A1 |
| CAN_JET_A2 | Número | Cantidade vendida do queroseno de aviación Jet A2 |
| TIPO_VENTA | Texto | Tipo de venda (véxase táboa 17) |

O nome do ficheiro codificarase como ISAFACZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ISA: identifica que se trata de instalacións de fornecemento a aeronaves.
FAC: identifica a frecuencia anual cantidades.
ZZZ: código alfabético do operador segundo táboa 1.
AAAAMMDD: data do envío.
XXX: formato do ficheiro (xls para «Excel»).

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido, expresado en metros cúbicos con tres decimais.
Cando nun mesmo ano se vendan distintas cantidades mediante diferentes tipos de venda, incluirase no arquivo unha fila por cada tipo de venda.
Nota. Todos os arquivos Excel mencionados no anexo conterán unha folla única que obrigatoriamente se chamará Folla 1. Non se admitirá ningún outro nome.

## ANEXO IV

**Información relativa aos axentes obrigados a remitir información, nos cales se produza un cambio de estado que afecte os datos censuais ou a súa situación respecto da devandita obriga**

IV.1 MODIFICACIÓNS, BAIXAS OU ALTAS CENSUAIS

Seguiranse as instrucións contidas no enderezo da internet http://www.mityc.es/risp na epígrafe de Inscrición, que é a que se utiliza para as inscricións no censo. As modificacións, baixas ou altas débense comunicar a mesma semana natural en que produzan efecto.

IV.2 MODIFICACIÓNS RESPECTO Á OBRIGA DO ENVÍO DE INFORMACIÓN

Estes cambios de situación poden ser temporais ou definitivos, e seguirase o indicado nos puntos seguintes:

IV.2.1 Instalacións relativas a fornecementos a vehículos e instalacións terrestres.
IV.2.1.1 Fornecementos a través de instalacións individuais habilitadas para o efecto. Envío de correo electrónico ao enderezo: censoeess@mityc.es coa seguinte información:

a) Identificativa:

Indicación de que se trata de instalación individual de fornecemento a vehículos terrestres.
Identificación de usuario.
Marxe (E /D /N).

b) Causal:

Resúmense os seguintes:

1) Efectos permanentes.

Venda da instalación, con indicación dos datos do comprador (nome, CIF e teléfono).
Cambios nas condicións de explotación e xestión que poidan afectar as obrigas de envío de información, detallando os devanditos cambios.
Cambios de abandeiramento.
Cambios nos produtos subministrados.
Cambios parciais na propiedade (de parte da instalación, dos produtos ou outros).
Peche da instalación por xubilación ou outro motivo.

2) Efectos temporais.

Peche efectivo e real da instalación por vacacións, con datas de peche e apertura.
Peche da instalación por accidente.
Peche da instalación por reforma ou obras.

Nos dous últimos casos, notificaranse as datas probables de peche e apertura.
c) Enderezo de envío de resposta por parte da Administración.

IV.2.2 Resto dos casos. Para calquera dos casos recollidos nos anexos I, II e III anteriores, enviarase un correo electrónico ao enderezo indicado en IV.2.1.1.A coa información identificativa e causal correspondente.
IV.2.3 Resposta da Administración á comunicación. A Administración comunicaralle ao remitente do correo electrónico o seu coñecemento e a cancelación temporal ou definitiva, en caso de que proceda, da obriga de remisión de información.
A Administración poderá substituír a obriga do envío do correo electrónico pola obriga de cubrir un formulario da internet. Tamén poderá substituír a súa comunicación por correo electrónico do seu coñecemento e cancelación da obriga de remisión de información pola descarga dun certificado tras ter cuberto correctamente o devandito formulario.

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**17011** *ORDE APA/2968/2006, do 28 de setembro, pola que se modifica a Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 233, do 24-4-2006.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específi-